




**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RÚAS PARTICULARES

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por servicios de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares.**

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios de recepción obrigatoria de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servicios. Así mesmo constitúen o feito imponible desta taxa a monda de pozos negros e a limpeza en rúas particulares.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

– Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

– Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servicio.

Artigo 4º. Responsables


– Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968

(PONTEVEDRA)



– Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza a alta no padrón, neste caso a percepción producirase a partir dese mesmo mes.

Artigo 8º. Liquidación


A) Cando se trate de servicios non periódicos:

– Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

– Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo



**CONCELLO
DE
MEAÑO**
CP 36968
(PONTEVEDRA)



ou realizada a actividade.

– Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

– Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

– Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

– Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

– As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968

(PONTEVEDRA)



– Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

– Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**
CP 36968
(PONTEVEDRA)

ANEXO

MODIF.

Primeiro. Tarifa.

PARA APLICACION DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACION DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RUAS PARTICULARES:

<u>Concepto</u>	<u>Pesetas</u>
<u>POLO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACION:</u>	
* VIVENDAS / Ano	2.000 Pts.
* ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E INDUSTRIAIS /Ano	5.000 Pts.
* RESTAURANTES / Ano	50 Pts./m2
* HOTEIS / Ano	5.000 Pts./planta

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial ou industrial tributarán como actividade de que se trate, non tributando como vivendas.

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

Terceiro. Data de aprobación.

DILIXENCIA:

Póñoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servicios de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, mondas de pozos negros e limpeza en rúas particulares, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998



C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

PARA APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS ACOSTUMADOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RÚAS PARTICULARES.

Primeiro.- Tarifa:

<u>Concepto</u>	<u>Euros</u>
Polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación:	
Vivendas / ano:	36,00
Establecementos comerciais e industriais / ano:	60,00
Restaurantes - Casas de comidas / ano:	120,00
Hoteis / ano:	120,00

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Segundo.- Data de aprobación.-

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 30-09-02, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003.

DILIXENCIA:

Elebado a definitivo o acordo provisorio, ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 21 de novembro de 2002 e publicado o texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia de data 5 de decembro de 2002.

Meaño, 9 de decembro de 2002

Secretaría-Intervención





C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS:

- SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN.

“Primeiro.- Tarifa:

<u>Concepto</u>	<u>Euros</u>
<i>Polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación:</i>	
<i>Vivendas / ano</i>	44,00
<i>Industrias / ano</i>	
* <i>Transformación alimentación (carne - pescado)</i>	150,00
* <i>Metal e madeira</i>	100,00
* <i>Construcción</i>	60,00
<i>Supermercados/ ano</i>	120,00
<i>Bar / ano</i>	100,00
<i>Outros establecementos comerciais e industrias / ano</i>	100,00
<i>Restaurantes / ano</i>	3,00 m/2
<i>Hoteles / ano</i>	60,00 planta

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Liquidación da cota-tarifa anual.- Poderá practicarse anualmente ou fraccionada en trimestres ou semestres.

Segundo.- Data de aprobación.-

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 12 de decembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004.”

DILIXENCIA:

Elebado a definitivo o acordo provisorio, ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2004 e publicado o texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia de data 18 de febreiro de 2004.

Meaño, 2 de marzo de 2004
Secretaría- Interventora





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 8 de outubro de 2007, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“4º.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO: RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN.

O inicio da consideración deste punto do Orde do día incorpórase a sesión a Sra. Balboa Lores.

O Sr. Alcalde-Presidente da conta os membros da Corporación que o Pleno da Corporación, en sesión de data 12 de decembro de 2003, acordou modificar o anexo-tarifa da Taxa Reguladora do Servizo de Recollida de residuos sólidos urbanos, anexo-tarifa que estivo en vigor ata a actualidade.

O IPC anual, a expansión do servizo no termo municipal e as melloras introducidas para acadar unha mellora na calidade da prestación incrementou o custe da prestación deste servizo o que fai necesaria a revisión das tarifa vixentes, nos termos que figuran na Memoria-proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Especial de Contas e o Pleno da Corporación.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. Salgueiro Vidal, quen pregunta si se cumpre de que tódolos negocios dispoñen do propio contenedor.

Contesta o Sr. Alcalde quen sinala que foi unha iniciativa que se propuxo para a comodidade de tódolos usuarios sobre todo o principio da posta en funcionamento deste servizo que era gratuito.

Engade a Sra. Salgueiro Vidal que as veces desprenden mal olor polo que se deberían lavar con máis frecuencia.

Toma a palabra o Sr. Gonzalo Dios quen sinala que votará en contra porque non é partidario da subida desta taxa.

Rematadas as intervencións e sometido este asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, con tres votos en contra dos Sra/es Salgueiro Vidal, Oubiña Mouta e Gonzalo Dios e por dez votos a favor, acorda:

1º Modifica-lo anexo-tarifa da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbano, tratamento e eliminación dos mesmos, quedando como segue:

Primeiro.- Tarifa:

Concepto

Tarifa

Polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento

e eliminación:

* Vivendas	54,00 €/ano
* Establecementos comerciais, fabrís, industriais, bares	100,00 €/ano
* Industrias de elaboración e transformación de alimentos e supermercados cunha superficie superior a 100 m2	200,00 €/ano
* Hoteis	100,00 €/ano/planta
* Restaurantes	2,5 €/m2/ano

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Liquidación da cota-tarifa anual.- Poderá practicarse anualmente ou fraccionada en trimestres ou semestres.

Segundo.- Data de aprobación.-

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2008.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do anexo-tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Servicio de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, tratamento e eliminación, nos termos contidos no apartado 1º deste acordo.

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vintetrés de outubro de dous mil sete.

